UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANTECEDENTES

Primeiro.- O calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento para o curso 2017/2018 aprobado polo Consello de Goberno do 27/04/2017 dispón que o prazo de matrícula para o 2º prazo ordinario naqueles programas nos que se oferten prazas será do 20 ao 23 de marzo de 2018.

Segundo.- No día de hoxe sae publicado no DOG a Orde do 31 de decembro de 2017, pola que se convocan as axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG-2018. Un dos requisitos esixidos para poderen participar nesta convocatoria é que os solicitantes estean matriculados nun programa de doutoramento no presente curso 2017/2018 con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- Artigo 36 dos *Estatutos da Universidade da Coruña*, aprobados polo Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, no que se establecen as competencias do reitor.
2.- Convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da universidade da Coruña para o curso 2017/2018 aprobada por Resolución reitoral do 26 de xullo de 2017.

Debido ao adianto da convocatoria das axudas predoutorais por parte da Xunta de Galicia con respecto de anos anteriores, e co obxectivo de permitir aos estudantes que accedan ao doutoramento neste segundo prazo a posibilidade de participar na convocatoria desta axudas,

RESOLVO:

1.- Abrir un prazo extraordinario e urxente de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento *de acordo* cos requisitos e coas condicións da *"Convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento na UDC. Curso 2017/2018*", co seguinte calendario:

- **Do 8 ao 15 de febreiro de 2018**: Solicitude de admisión que poderá realizarse a través da Secretaría Virtual do Estudante**.** A entrega da documentación realizarase nas UADIs das Facultades onde se impartan os programas.
- **16 de febreiro de 2018:** Publicación da lista provisional de alumnado admitido e excluído
- **Do 17 ao 20 de febreiro de 2018:** Reclamacións á lista provisional
- **21 de febreiro de 2018:** Publicación da lista definitiva de alumnado admitido e excluído. Comunicación desta lista á Oficina de Doutoramento
- **Do 22 ao 26 de febreiro de 2018**: Matrícula.

2.- Poderán solicitar a admisión e matricularse neste prazo extraordinario só as persoas que participen na convocatoria das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG-2018 e que reúnan os requisitos que nela se esixen para ter dereito á axuda. Esta circunstancia comprobarase pola Sección de Estudos de Doutoramento.

3.- A adxudicación destas prazas non prexudicará ao resto das persoas que soliciten a admisión e matrícula no segundo prazo ordinario (ver "calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: S6KHFVVRS3NQ7I0G3418U7FT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 07/02/2018 14:34:12 Página 1 de un total de 2 página(s).

Código Seguro De Verificación	P71yzI44j3i7LPKE6QjNhA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	07/02/2018 10:47:23
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/P71yzI44j3i7LPKE6QjNhA==		

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

2017/2018"), de xeito que se garantirá a admisión a aquelas persoas que acaden no proceso de selección unha valoración superior ou igual á da última persoa admitida neste prazo extraordinario.

A Coruña, 06 de febreiro de 2018
(P. Delegación do Reitor, R.R. 16/01/2012)
A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente
Asdo. Nancy Vázquez Veiga

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: S6KHFVVRS3NQ7I0G3418U7FT
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 07/02/2018 14:34:12 Página 2 de un total de 2 página(s).

Código Seguro De Verificación	P71yzI44j3i7LPKE6QjNhA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	07/02/2018 10:47:23
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/P71yzI44j3i7LPKE6QjNhA==		